

Código do documento	Código do expediente
USG15I03LZ	USG/2021/184
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0Y54 2S23 423J 6J1S 1C6F	

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA VINTE E OITO DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E UN

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do día vinte e oito de outubro de dous mil vinte e un, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. Alcalde, don José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

D^a MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
D^a. MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA
D. MIGUEL SUÁREZ GARCÍA
D^a. YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ
D^a. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ
D. CARLOS LIÑARES GESTAL
D^a. SUSANA AMOR FERNÁNDEZ
D. ABRAHAM SEIJAS GONZÁLEZ

Polo Grupo Político Popular:

D^a. IZASKUN GARCÍA GOROSTIZU
D. ALFONSO RICO VERA (incorpórase á sesión no momento que se expresa na presente acta)
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA

Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO
D^a. MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA
D. GONZALO MÉNDEZ MOSQUERA

Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:

D^a. MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA
D^a. SANDRA MARÍA MARZOA GARCÍA

Non asiste á sesión a Sra concelleira do grupo político PSdeG-PSOE, dona María Guadalupe Pombo Carril.

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro (que se ausenta no momento que se expresa na presente acta) e dá fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

Código do documento	Código do expediente
USG15I03LZ	USG/2021/184
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0Y54 2S23 423J 6J1S 1C6F	

1.- PROPOSTA SOBRE NOMEAMENTO DE XUÍZ DE PAZ SUBSTITUTO DO CONCELLO DE CULLEREDO.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data dezaioito de outubro de dous mil vinte e un (código de documento USG15S039E), ditaminada favorablemente pola comisión informativa de Medio Ambiente, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Persoal, Mocidade, Voluntariado e Protección Civil, na sesión de data vinte e un de outubro de dous mil vinte e un, que transcrita di:

“PROPOSTA

Por resolución da Alcaldía de data 24 de novembro de 2020 acordouse iniciar o procedemento para a elección de xuíz de paz substituto no municipio de Culleredo, aprobar as bases e a convocatoria pública para a súa elección co fin de que as persoas interesadas puideran presentar solicitudes durante un prazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP da Coruña.

No Boletín Oficial da Provincia de 2 de decembro de 2020 publicáronse as bases e a convocatoria .

No prazo de presentación de solicitudes, presentouse a seguinte:

- Dona Margarita Mitran Lopez (entrada número 2020/2511046, de data 22/12/2020)

Considerando o disposto nos artigos 99 a 103 da Lei orgánica 6/1985, do Poder xudicial e as prescricións do artigo 6 do Regulamento de 7 de xuño de 1995, dos xuíces de paz, que atribúen a competencia para a elección destes cargos ao Pleno municipal, co voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

PROPONSE:

Primeiro.- A elección de Dona Margarita Mitran Lopez como xuíz de paz substituto do Concello de Culleredo, propoñendo o seu nomeamento á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Segundo.- Remitir certificación do presente acordo á Secretaria de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.”

Aberta a quenda de intervencións o Sr. alcalde pregunta se se viu a proposta e se algún membro quere intervir, non solicitando intervención ningún dos/as concelleiros/as presentes na sesión.

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 18 de outubro de 2021, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández e Seijas González,

Votos en contra: ningún

Abstencións: oito (8), dos/as Sres/as: García Gorostizu, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García. .

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 18 de outubro de 2021 polo que devén en acordo nos termos transcritos.“

Código do documento	Código do expediente
USG15I03LZ	USG/2021/184
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0Y54 2S23 423J 6J1S 1C6F	

2.- PROPOSTA SOBRE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á EXCMA. DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA A "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E RENOVACIÓN DE PAVIMENTOS NA RÚA ANDRÉS PAN VIEIRO".

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data vinte e un de outubro de dous mil vinte e un (código de documento UAL15I007C), ditaminada favorablemente pola comisión informativa de Medio Ambiente, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Persoal, Mocidade, Voluntariado e Protección Civil, na sesión de data vinte e un de outubro de dous mil vinte e un, que transcrita di:

"Asunto: Solicitud de subvención nominativa a Excm. Deputación de A Coruña para a "mellora da seguridade viaria e renovación de pavimentos na Rúa Andrés Pan Vieiro"

Realizada visita á Rúa Andrés Pan Vieiro, por parte do enxeñeiro técnico de obras públicas do Concello, faise constar os importantes problemas de seguridade existentes na mesma, entre outros:

- Os pasos de peóns non cumpren normativa, xa que están separados do borde do viario o que reduce a visibilidade dos peóns para cruzar a vía, feito que se ve empeorado ao ter aparcamentos de vehículos previos aos cruces, incumprindo o establecido na NORMA 8.1-IC "SINALIZACIÓN VERTICAL".
- Os aparcamentos en oblicuo da marxe dereita están deseñados para estacionar marcha cara a diante, o que limita a visibilidade na saída dos vehículos estacionados dado que se realiza marcha atrás, aumentando a perigosidade da vía.
- Seria necesario realizar diferentes actuacións para o cumprimento da lexislación de accesibilidade, tales como a realización de barbacanas coas baldosas podotactiles e direccionais correspondentes segundo a *Orde VIV/561/2010, de 1 de febreiro, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados*, a realización das prazas PMR segundo marca a normativa, etc.

Estas actuacións implican importantes variacións nas beirarrúas existentes para adaptar os pasos de peóns e os tipos de baldosas dos mesmos, iso unido a que existen deterioracións en baldosas, indica que se está a chegar ó final da súa vida útil, polo que para realizar unha mellor integración estética do entorno, recomendase a renovación completa dos pavimentos.

Así unha vez que se realizan estas actuacións deberíase de estudar todos os servizos existentes para prever as posibles renovacións e así evitar futuros problemas nos servizos municipais tales como abastecemento, saneamento, etc.

En caso de que se realizaran estas actuacións seguindo a liña marcada polos últimos proxectos do concello, tales como a tipoloxía de baldosas a empregar, plantación de especies arbóreas, renovación da iluminación con tecnoloxías led, etc., as actuacións terían un importe aproximado de 320.000€, que podería variar en función dos tipos de materiais e calidades esixidas, e que sería necesario a redacción dun proxecto construtivo para realizar un estudo máis exhaustivo e cuantificar de maneira precisa as actuacións.

Tendo en conta que este Concello non ten posibilidade de asumir neste momento o custo total da actuación mencionada anteriormente, por ter que atender tanto con recursos propios outras actuacións necesarias e urxentes, solicita da administración que vostede preside unha subvención nominativa por importe de 250.000€ correspondente ó 80% do orzamento total da obra asumindo con recursos propios municipais o 20%. Faise esta solicitude en base ó interese público no ámbito das competencias da deputación provincial.

Así mesmo, cabe recordar que esta actuación estaría dentro das contempladas no Real Decreto Ley do 23 de marzo do 2018, polo que se prorroga o destino do superávit das corporacións locais para inversións financeiramente sostibles e modifícase o ámbito do obxectivo destas, encadrándose dentro do programa 153 recollido na Disposición

Código do documento	Código do expediente
USG15I03LZ	USG/2021/184
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0Y54 2S23 423J 6J1S 1C6F	

adicional décimo sexta do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Por todo o exposto, propónse ó Pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

Solicitar a Deputación Provincial de A Coruña unha subvención nominativa por importe de 250.000€ para a execución da obra "Mellora da seguridade viaria e renovación de pavimentos na Rúa Andrés Pan Vieiro",

Aberta a quenda de intervencións o Sr. alcalde-presidente fai uso da palabra e indica que, como se pode ver na documentación que obra no expediente, esta proposta está ditaminada favorablemente e que do que se trata é que desde a Deputación provincial se convocan axudas para axudar aos concellos á realización de diferentes obras, sendo un dos requisitos esixidos pola Deputación que o proxecto que se solicite non estea incluído nos presupostos; di que hai un modelo único para todos os concellos da provincia e que foron xa varios os que solicitaron a correspondente subvención; di que en Culleredo, despois de falar cos servizos técnicos da Deputación, o que recollía mellor o solicitado pola Deputación é a obra "Mellora da seguridade viaria e renovación de pavimentos na Rúa Andrés Pan Vieiro", pretendéndose a mellora da sinalización vertical, a mellora dos aparcadoiros, e a propia disposición que teñen os peóns nesta rúa tendo en conta ademais que na parte final hai un conservatorio, un centro educativo, polo que é importante tratar de mellorar todo o entorno; di que a contía é de 250.000 euros e deberá supoñer un mínimo do 80% do investimento final, estimado polos técnicos municipais en aproximadamente 320.000 euros.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o seu grupo está vendo que esta tramitación foi un pouco precipitada pois se está a dicir que a Deputación fixo unha oferta, non se sabe ben en que momento, que foi como un asunto sobrevido á comisión na que se ditaminou, elaborándose no día anterior unha memoria de valoración por parte dun enxeñeiro que se contratou ad hoc para facela; que non hai informe do xefe de servizo de Obras e Medio Ambiente aínda que o Sr. alcalde di que conta co parabén do equipo técnico de Culleredo; que transcuriron dez días entre que se fixo a solicitude de elaboración da memoria dita e o día de hoxe e que está moi ben que haxa celeridade pero que lles sorprende este curto prazo porque, facendo unha valoración subxectiva, aínda que se está a falar da rúa Pan Vieiro, que efectivamente desemboca no conservatorio e pode requirir de actuacións concretas de mellora da seguridade viaria, o importe parece elevado pois na memoria contéplase que as beirarrúas poden estar próximas ao esgotamento da súa vida útil e, sumando e sumando, chégase a un importe de 320.000 euros, non parecendo, ao pasear pola rúa, que haxa unhas carencias tan grandes nun sitio bastante novo e cunha boa urbanización, sorprendendo que se a Deputación ofrece un financiamento non se valoren outras cuestións, e di que recorda cando se fixo o pavimento do Regueiro, sobre o que se dixo que O Regueiro non necesitaba só pavimento senón que precisaba tamén dun proxecto de humanización, cunhas beirarrúas continuas pois por alí pasea moita xente maior; que recorda como o Sr. alcalde naquel momento asentía pero dicía que era o que había nese momento e di que non se trata só do Regueiro, senón que están tamén Conduzo, a rúa Xafontes, onde chegando ata o final, na ponte que pasa baixo a autoestrada, hai un cacho en que se estreita e por onde a xente pasa camiñando que require dalgunha actuación, ou o estado das barandas do parque de Acea de Ama, coñecido popularmente como parque dos patos, que se están desprendendo cara ao río, algo polo que moita xente pregunta porque lle preocupa moitísimo, ou mesmo a cuestión que hoxe trae o seu grupo ao pleno, como é a circunvalación a Laxe, ou tamén a rúa Xesto e moitos outros sitios sobre os que parece que haxa maiores necesidades á hora de establecer prioridades e sobre todo porque puidera ser que houbera que mellorar os pasos de cebrá elevándoos e aproximándoos desde as beirarrúas pero non parece que se trate de actuacións que haxa que agrandar ata chegar a un investimento deste tipo e que, se se pasa por alí, o seu grupo non ten a percepción de que estean ao final da súa vida útil como se comentou; di que o seu grupo, debido ao precipitado da tramitación desta cuestión e á extrañeza que lles produce, ademais de que non hai informe do xefe de obras, vaíse abster na votación.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que a tramitación non é extraña e que se siguen as pautas que marca a Deputación provincial para todos os grupos e para todas as alcaldías independentemente da cor política que teñan, e que el xa dixo que se trataba de obras que non foran urxentes e que puideran esperar no tempo, sendo esa a premisa fundamental da solicitude que se presenta, habendo tamén outras cousas que baremar pois deben ser obras sostibles e non serven centros cívicos, non serven mantementos nin barandas ou outras cuestións que vén de mencionar o Sr. Chouciño Garrido, habendo no Concello de Culleredo outras actuacións que si son urxentes e que non se poden botar a unha subvención nominativa das características desta pois puidera ser que ata dentro de ano

Código do documento	Código do expediente
USG15I03LZ	USG/2021/184
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0Y54 2S23 423J 6J1S 1C6F	

e medio ou dous anos non se estivera en condicións de poder executala e que por ese motivo se escolleu esta obra porque chegado o momento de poder executala, tal como establecen os técnicos nalgunha actuación, chegaría ao esgotamento da súa vida útil e que efectivamente hai outras obras no Concello que reúnen os mesmos requisitos pero son máis urxentes e non poden agardar por unha subvención nominativa deste tipo.

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 21 de outubro de 2021, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández e Seijas González,

Votos en contra: ningún

Abstencións: oito (8), dos/as Sres/as: García Gorostizu, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 21 de outubro de 2021 polo que devén en acordo nos termos transcritos.

3.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO BNG SOBRE SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOU DO 87 E QUE SE DOTE NO ORZAMENTO UNHA PARTIDA SUFICIENTE PARA ACOMETER A OBRA DE CREACIÓN DA CIRCUNVALACIÓN A LAXE.

C.I.F. P-1503100-H

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político do BNG, de data 23 de setembro de 2021, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as presentes.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

“O Grupo Municipal do BNG achega, para o seu debate plenario e aprobación, se proceder, a seguinte proposta de moción para o desenvolvemento dunha circunvalación ao núcleo da Laxe, parroquia de Rútis.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No último Pleno, o Sr. Alcalde sorprendeunos dicindo que se plantexaba esquecer a aprobación do PXOM e mesmo que “parece mentira pero o plan actual está vivo, ten vida”, (*neste momento auséntase do salón e sesións a Sra. Interventora municipal dona Vanesa García Barreiro*) ou que “este equipo de goberno evaluará se convén neste momento continuar urbanizando co plan do 87”.

No BNG discrepamos do anterior, pero se o Sr. Alcalde quere seguir sen aprobar o PXOM en tramitación, compre adecualo ás necesidades como mínimo, ás máis acuciantes.

En tanto non haxa un novo goberno que teña claro que se precisa un novo PXOM, debemos logo procurar solucións no que temos, usando as ferramentas legais para conseguilo.

O núcleo da Laxe soporta unha carga de vehículos que non se pode tolerar, non é compatible coa vida diaria da veciñanza dalí, e supón unha perda de tempo dos vehículos que o transitan. Xa houbo incluso accidentes contra as casas.

Código do documento	Código do expediente
USG15I03LZ	USG/2021/184
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0Y54 2S23 423J 6J1S 1C6F	

Na documentación da aprobación do novo PXOM en tramitación, está recollida a creación dunha variante á estrada actual a modo de circunvalación. Xa está redactado e planeado como facelo. Os requirimentos técnicos serían mínimos se aproveitamos o feito alí para desenvolver unha modificación puntual do PXOU do 87.

Non facelo, sería recoñecer por parte do Goberno Municipal que non ten respostas aos problemas de Culleredo.

É por todo o anteriormente exposto que propoñemos ao pleno da corporación, no exercicio das súas competencias, a seguinte proposta de ACORDO:

1. Que se elabore unha modificación puntual do PXOU do 87 vixente na actualidade que recolla a creación dunha circunvalación á Laxe e se dote orzamento para elaborala.
2. Que se dote nos orzamentos municipais para o 2021 unha partida suficiente para acometer a obra de creación da circunvalación á Laxe.”

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada, e solicita se disculpe o erro cometido no acordo segundo pois onde di “Que se dote nos orzamentos municipais para o 2021 (.../...)” debe dicir “Que se dote nos orzamentos municipais para o 2022 (.../...)” e di que o seu grupo agarda contar co voto a favor de toda a Corporación municipal e que na parte de atrás da moción vai a ficha do plan xeral de ordenación urbana.

(neste momento incorpórase á sesión o Sr. concelleiro do grupo político popular don Alfonso Rico Vereá)

O Sr. Chouciño Garrido indica que na ficha que se achega coa moción pódese ver como é esa variante e mesmo está taxado o importe que conlevaría que conviría actualizar pois é un importe calculado antes do 2013 pero que supón unha cantidade concreta para facer dita obra que ascende a 392.000 euros.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que desde o seu grupo teñen claro que no núcleo de Laxe hai un problema ao que lle hai que buscar solución polo ben de toda a veciñanza e que, unha vez máis, o seu grupo di que o que Culleredo necesita en primeiro lugar é sacar adiante o PXOM porque, como ben di o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, o Concello de Culleredo leva desde o ano 87 co mesmo Plan xeral de ordenación municipal polo que sería interesante que se sacara o novo.

(neste momento reincorpórase á sesión a Sra. Interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro)

De seguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que ao seu grupo lle sorprende tamén a noticia que hai dous meses deu o Sr. alcalde no pleno do mes de xuño relativa a que está a pensar en comezar desde cero cun novo plan xeral, tirando pola borda o traballo feito, todos os informes sectoriais recibidos e hipotecando Culleredo dez anos máis; di que agora, pola nota de prensa que saíu nos últimos días, parece que se vai seguir traballando nas modificacións do que se atopa en fase de aprobación inicial; di que o seu grupo lle pediu ao Sr. alcalde valentía política e que non hai impedimento ningún que faga inviable seguir coa tramitación actual, optimizando todo o feito e levantando as actuais hipotecas que ten Culleredo; di que os técnicos lle dixeron ao seu grupo que coas correccións indicadas poderíase aprobar o Plan Xeral na lexislatura actual pero que o grupo político popular non sabe se o Sr. Rioboo Castro renunciou xa a aprobar o plan xeral pero que lles parece que xestiona a Alcaldía con ocurrencias, unha forma contraria á planificación que esixe un novo plan xeral de Urbanismo; di que o Sr. Alcalde chegou a dicir no pleno do mes de xuño que o actual plan xeral do ano 1987 todavía está vivo e que todavía ten vida sen nin sequera poñerse vermello cando a realidade é que Culleredo necesita un novo plan que corrixa as deficiencias do actual como a malla urbana sen completar, espazos urbáns sen humanizar, falta solo industrial a precio competitivo que favoreza a implantación de empresas e

Código do documento	Código do expediente
USG15I03LZ	USG/2021/184
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0Y54 2S23 423J 6J1S 1C6F	

xere emprego e riqueza, faltan equipamentos; di que o plan xeral é a principal ferramenta de xestión municipal e que o equipo de goberno se nega a aprobalo porque parece que defenden máis os intereses particulares de determinadas empresas que os intereses dos veciños de Culleredo; di que desde o grupo político popular lle solicitan ao Sr. alcalde-presidente que convoque a comisión especial de seguemento do Plan Xeral de Ordenación Municipal tal e como se comprometeu fai xa catro meses e que o goberno municipal corrixa inmediatamente o plan que está en aprobación inicial para que cumpra coa legalidade urbanística e o adapten, coas correccións que indican os informes de Secretaría e do arquitecto municipal e que mentres non se faga isto, o seu grupo non ten máis remedio que traer ao pleno propostas de modificacións puntuais como a que se está a debater do Bloque Nacionalista Galego e que o seu grupo apoiará na votación.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que o equipo de goberno segue a traballar no plan xeral e que el non se sonroxa pois non ten ningún motivo para elo e que todo o que se di dise con total transparencia e que os informes técnicos están aí, sendo sempre respectados polo equipo de goberno independentemente de que poidan ter discrepancias sobre todo no relativo á oportunidade do plan xeral; di que vai contestar por orde de intervencións e lle di ao Sr. Chouciño Garrido que o plan xeral non é vir ao pleno con media carilla escrita indicando como se fai ou como se deixa de facer pois o equipo de goberno e a concelleira de Urbanismo, cada semana, puntualmente, ten reunións puntuais para aclarar cal é a situación do plan xeral; que non se avergoña de dicir que puidera ser que o mellor fora sacar un documento novo pois el o que ten en conta son os informes, sobre todo dos técnicos da Xunta de Galicia, que indican precisamente que a oportunidade de ter unha parte do plan aprobado pode ser compatible con esa idea de partir de cero; di que el quere o mellor plan para Culleredo e que o plan do que vén de falar leva moitos anos en trámite; que darán información puntual do que se vaia facendo e engade que o que non lle gusta, e que non llo vai consentir a ninguén, é que se cuestione a súa honorabilidade política e se fale de que quere beneficiar a non sabe que empresas, e pide que se diga con nomes e apelidos sobre que empresas se fala porque el nin é empresario nin conta con empresas ás que poida beneficiar co plan xeral nin é esa a súa intención; que se se sabe que o goberno municipal está a beneficiar a determinadas empresas non se debería dicir no pleno pois iso é un delito penal, penado coa cárcere, e se debería ir ao Xulgado a denunciar para que el poida ir declarar e dicir o que ten que dicir, pedindo que non se fagan continuamente acusacións veladas sobre empresas; di que o que está claro é que a obra pública é unha oportunidade para as empresas e que se alegra cando son as empresas de Culleredo as que gañan un contrato público, e insiste en que se calquera membro da Corporación municipal ve que, por non aprobar o plan xeral, se está a favorecer a calquera empresa, xa se sabe o que hai que facer, cal é acudir á vía penal e non facer acusacións veladas.

Segue a dicir que Castro-Laxe adoece dunha comunicación, de terse construído mal, desorganizada, desordenada e cuns viais estreitos que no seu momento eran perfectamente válidos pero agora, por mor do crecemento que experimentou posteriormente a propia Zapateira, polos investimentos que se fixeron como as residencias de maiores, centros e residencias universitarias, a situación é que ese vial é máis transitado do que inicialmente estaba planificado; di que o documento do Plan Xeral recolle que hai a posibilidade dunha alternativa para tratar de paliar a falta de comunicación de dita parroquia pero que o equipo de goberno, tal como lle indican os técnicos que no seu día traballaron no plan, considera que non é a mellor solución; di que se mantiveron reunións coas administracións que deben emitir informes sectoriais e viuse que o proxecto existente non se sostaría no tempo porque hai un plan viario que podería ocasionar que houbera que facelo de novo, co conseguinte malgasto; di que hai unha oportunidade, que é o vial 18, que só se vai facer coas alternativas propostas polo Concello de Culleredo e que, gratuitamente, sen custo ningún para as arcas municipais, grazas as alegacións presentadas polo goberno municipal, vai solucionar substancialmente os problemas de tráfico en Castro e en Laxe, contrastado tecnicamente por enxeñeiros de camiños que son os que contestaron ás alegacións presentadas, solucionando problemas de comunicación de Monte Alfeirán, da rúa Xeca, e comunicando as vías alternativas coa parte de atrás da igrexa en Roi Xordo en Vilaboa, desconxestionando perfectamente o tráfico; di que se o equipo de goberno actuara dunha forma populista, sen facer unha análise exhaustiva de cada cuestión como corresponde a calquera goberno municipal, votaría a favor da moción que se presenta na que ve un interese e unha motivación pero di que o seu

7 de 60

Código do documento	Código do expediente
USG15I03LZ	USG/2021/184
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0Y54 2S23 423J 6J1S 1C6F	

grupo non vai ampliar o vial en Castro-Laxe seguindo as pautas marcadas no plan porque sería derrochar os cartos dos veciños e das veciñas de Culleredo xa que probablemente en dous ou tres anos habería que reconstruír dito vial, presentándose tanto por parte de Fomento como por parte da Xunta de Galicia alternativas moito máis ventaxosas para vertebrar a comunicación e a viabilidade nese entorno, xa de por si bastante degradado no que toca ás comunicacións polo que, por responsabilidade e por ser conscientes da necesidade que hai nesa zona, o voto do seu grupo vai ser desfavorable.

A continuación solicita de novo o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o Sr. alcalde di que o PXOM contempla unha posibilidade, unha alternativa, como se houbera varias a escoller, cando o PXOM é unha planificación, non unha ocorrencia.

Intervén o Sr. alcalde e lle di ao Sr. Chouciño que a linguaxe que adoita non é a súa senón que é a que utiliza o Sr. Chouciño e que el nunca usou o termo ocorrencia e lle pide que cando cite textualmente as súas intervencións o faga textualmente.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que o PXOM é un documento moi serio e que non se limita a establecer posibilidades ou alternativas pois o que fai é planificar coa alternativa xa escollida; di que é moi curioso que o Sr. alcalde se remita ao plan viario e que diga que se estaría malgastando ao poder quedar nuns anos obsoleta esa determinada alternativa se se construíra e di que entón o PXOM xa nace morto pois antes de que se aprobe xa se di que o que aí se recolle non serve, o que se podería explicar porque desde o 2013 tería a súa explicación que tivera certos problemas e canto máis se espere máis haberá; di que o seu grupo quere insistir, a pesar de que agradece as posicións dos compañeiros dos outros dous grupos da oposición, o Partido Popular e Alternativa dos Veciños, en centrarse no fondo da cuestión que propoñen porque hai problemas moi gordos, con accidentes contra as casas xa alí e onde pode pasar algo moito peor en calquera momento; di que o autobús escolar embotéllase alí todos os días ademais do tráfico particular e que o Sr. alcalde fala do vial 18 como unha oportunidade cando xa se debatiu moito en plenos anteriores e ninguén ve factible que o vial 18, que conecta dous puntos vaia ter tantos puntos de entrada e saída; di que o Sr. alcalde lle ten botado en cara que o seu grupo non conta con informes técnicos que avalen as propostas que presenta e neste tema o Sr. Rioboo dixo que conta con informes técnicos de enxeñeiros de camiños e que a xente coa que comentou o BNG este tema non comparte que o vial 18 vaia dar solución ao problema de comunicación que hai nas zonas referidas, garantindo unicamente que a autoestrada teña que ampliar de catro a oito os carrís que ten ao paso por Culleredo polo que se o equipo de goberno opta por esa vía haberá máis afectacións das que xa hai en Culleredo por mor da autoestrada e demáis.

Segue a dicir que A Laxe é un núcleo tradicional que esgotou os seus recursos viarios e ao que lle hai que dar unha alternativa pero iso non quere dicir que se construíra mal no seu día.

Di que a proposta que presenta o seu grupo ten na súa parte de atrás a ficha do Plan xeral de ordenación municipal, redactada por técnicos de Urbanismo que escollen esa variante como alternativa ao tráfico da Laxe; di que sería bo que se impulsara o PXOM pero namentres o seu grupo o que vai facer é buscar alternativas, considerando que a proposta que presentan está perfectamente avalada e que é unha pena que o equipo de goberno non a apoie, pedíndo unha vez máis que reconsideren o seu voto.

De seguido o Sr. alcalde-presidente agradece as palabras do Sr. Chouciño Garrido e di que a argumentación do equipo de goberno quedou suficientemente clara e as posturas dos grupos perfectamente definidas; que a ficha que presenta o BNG conta con informes doutras administracións que son competentes tamén á hora de determinar dito vial e que din, dunha forma máis técnica, o que el vén de explicar e que non vai repetir pero que xustifica o sentido do voto en contra do seu grupo político.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o Sr. alcalde se enfada cando os membros da Corporación lle falan do tono usado.

Código do documento	Código do expediente
USG15I03LZ	USG/2021/184
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0Y54 2S23 423J 6J1S 1C6F	

Intervén o Sr. alcalde-presidente e di que el se levanta e se deita moi tranquilo e que non se enfada nunca e pide disculpas se algunha vez, polo tono usado, parece que está enfadado.

Retoma a súa intervención a Sra. García Gorostizu e di que ao seu grupo o que lle sorprende, e por iso pregunta, é por que o equipo de goberno, a pesar de contar cunha maioría absoluta e cun plan xeral xa en aprobación inicial, non acaba de aprobalo e non impulsa que Culleredo conte cun novo plan a pesar de que o Sr. Rioboo Castro se comprometeu a aprobalo non recorda ben se no primeiro ano e que agora, xa entrando na fase final da lexislatura, o plan nin se aproba nin se sabe se se vai aprobar porque non hai nin dous meses que o Sr. alcalde comentou que puidera ser que se empezara de cero cun novo plan; di que ao seu grupo o que os técnicos do Concello lle dixeron foi que borrando uns solos urbanizables da Zapateira poderíase aprobar o plan na actual lexislatura e que por iso ao seu grupo lle xurden as dúbidas que ten e lle pide ao Sr. alcalde que lle explique os motivos que hai para non poder aprobar o plan.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que non hai ningún problema e que o argumentario da Sra. García Gorostizu está un pouco desnutrido pois fala de que hai técnicos que din e non di que técnicos son os que lle din que con tanta facilidade e borrando cunha goma Milán unha parte do plan xeral xa se podería aprobar sen problema porque a el non lle din o mesmo, engadindo que un plan xeral non é cuestión de que se traia ao pleno unha carilla e media e que el sabe perfectamente o que pasa no Concello.

De seguido solicita intervir de novo o Sr. Chouciño Garrido no seu dereito de pechar a intervención o grupo que fai a proposta e, unha vez concedido o uso da palabra, di que ao seu grupo non lle molesta pero que si lle parece desaproveitar a ocasión derivar o debate por unha cuestión tan fundamental e non centrar o debate na cuestión que o seu grupo propón e insiste en explicar que o que se propón é dar unha solución a un problema de tráfico, de seguridade viaria, da que se vén de aprobar unha proposta de mellora na rúa Andrés Pan Vieiro que, comparándoa coa zona da Laxe, está a anos luz no tema de seguridade viaria e indica que cando eles falan de priorizar se refiren ao que vén de expoñer e que gobernar é priorizar e decidir o que vai antes e o que vai despois, o que é máis necesario, o que é máis inminente e o que é máis prioritario e di que neste caso se lles está demostrando que non é así pois casualmente veñen de ver dúas propostas distintas que dan a entender que se goberna de espaldas ao que veñen de dicir sobre determinación de prioridades; di que no BNG son xente de esperanza e xente de boa fe e por iso van insistir unha vez máis e piden que o equipo de goberno reconsidere o seu voto e que aproben a proposta que presentan pois non dá solución soamente ao problema dos veciños da zona senón tamén a todo o tráfico que se canaliza por alí tanto ao do bus escolar como ao particular que sube e baixa desde A Zapateira cara a Vilaboa e viceversa.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e lle di ao Sr. Chouciño que entendeu perfectamente os argumentos e que considera que a proposta está suficientemente debatida.

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político do BNG, de data 23 de setembro de 2021, coa corrección indicada polo Sr. Chouciño Garrido respecto do ano recollido no punto número 2 da proposta de acordo, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: nove (9), dos/as Sres./as: García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: once (11), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández e Seijas González,

Abstencións: ningunha

Á vista do resultado da votación a moción do grupo político BNG declárase non aprobada.

4.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E CONCELLARÍAS DELEGADAS.

A Presidencia, de conformidade co disposto no art. 55 do ROM, dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola alcaldía e concellarías delegadas, que comprenden un total de 247 resolucións numeradas da 1678 á 1924 do ano 2021, que se relacionan deseguido:

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO: 28-10-2021
1678	23/09/2021	Concesión a M.R.C. e P.L.C. da licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar na parcela coa referencia catastral 8305122NH4980N0000MQ, situada no lugar de Rumbo, parroquia de Celas.	
1679	23/09/2021	Autorización, disposición, recoñecemento obriga e orde pagamento 256.808,38€ á entidade mercantil SETEX APARKI SA, en concepto execución sentenza 26.03.2021 Xulgado Contencioso Administrativo núm. 2 da Coruña, en relación Procedemento Ordinario 214/2019-A.	
1680	23/09/2021	Aprobación liquidación provisional obras imprescindibles para evitar desplome inmobile Av. Vilaboa núm. 227, por importe 16.611,99€, acordo execución subsidiaria a cargo persoa obrigada e autorización procedemento emerxencia para contratación ditas obras.	
1681	23/09/2021	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 27-09-2021.	
1682	23/09/2021	Aceptación subvención 346.946,004€ financiamento custos formación profesional para emprego e salarios derivados custos contratos traballo que se subscriban proxecto "REHABILITACIÓN CASA PEÓNS CAMIÑEIRO" e 28.500€ para 19 incentivos á contratación laboral	
1683	24/09/2021	Concesión a L.T.A. e I.R.R. da licenza municipal de obras para a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar na parcela con referencia catastral 8290414NH4888N0001DK, situada en Celas.	
1684	24/09/2021	Concesión a E.D.M. e N.F.G. da licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Juana Capdevielle, parroquia de Orro.	
1685	27/09/2021	Aprobación padrón/matricula do Prezo público polas actividades socioeducativas do Centro Ocupacional Municipal A Escada mes de maio 2021 por importe de 99,41€ e mes de xuño 2021 por importe 182,25€.	
1686	27/09/2021	Rexistro do animal potencialmente perigoso de nome Lyon, especie canina, núm. microchip 941000025931238, propietario C.S.C. no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos co número 144.	

Código do documento	Código do expediente
USG15I03LZ	USG/2021/184
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 0Y54 2S23 423J 6J1S 1C6F	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO: 28-10-2021
1687	27/09/2021	Aprobación devolución avais depositados neste Concello a HORMIGONES ALVEDRO SL por importe de 3.000€, para garantir montaxe e posterior desmontaxe fosa séptica, e 12.000€, para responder posibles danos sobre a urbanización existente.	
1688	27/09/2021	Convocatoria á sesión ordinaria do Pleno Municipal do día 30-09-2021.	
1689	27/09/2021	Aprobación das nóminas dos empregados públicos deste Concello correspondente ao mes de setembro de 2021.	
1690	27/09/2021	Orde de inscrición da asociación YACAR RACING no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Culleredo co número 172.	
1691	28/09/2021	Concesión a V.M.E.C. e M.M.A.S. da licenza de legalización solicitada para unha vivenda unifamiliar situada na rúa Penaloureira, parroquia de Rutis.	
1692	28/09/2021	Concesión a D.M.V.G. da licenza municipal de obras para a construción de edificacións auxiliares con zona de barbacoa e garaxe no lugar de Tarrío. Ref. Catastral 9533913NH4993S0001WL.	
1693	28/09/2021	Concesión á Comunidade de Propietarios Parque Empresarial Alvedro da licenza municipal de obras para mellora de acceso existente ao Parque Empresarial de Alvedro desde a antiga estrada N-550.	
1694	28/09/2021	Incoación procedemento para declaración, no seu caso, da ineficacia da comunicación previa para exercicio de actividade de RECICLAXE DE ROUPA POLO MIUDO nunha nave situada na Rúa Marisqueira da parroquia de Almeiras, promovida por INSERTEGA SL.	
1695	28/09/2021	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a R.R.S. con efectos de 01-09-2021.	
1696	28/09/2021	Aprobación da devolución da cantidade de 181,5€ ingresada en concepto de Prezo público por Mañás de campamento: Campamentos que concilian a M.G.P.	
1697	28/09/2021	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago da factura incluída na relación O/2021/142 (Covid), por un importe total de 13.696,57€.	
1698	28/09/2021	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago da factura incluída na relación O/2021/143, por un importe total de 7.300,00€.	
1699	28/09/2021	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2021/144, por un importe total de 123.457,56€.	

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO: 28-10-2021
1700	28/09/2021	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2021/141, por un importe total de 130.894,50€.	
1701	28/09/2021	Aprobación das asignacións que corresponden aos concelleiros/as da Corporación pola súa asistencia a sesións de Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas e Xuntas de Voceiros durante o mes de xaneiro de 2021, por un importe total de 8.850€.	
1702	28/09/2021	Aprobación das asignacións que corresponden aos concelleiros/as da Corporación pola súa asistencia a sesións de Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas e Xuntas de Voceiros durante o mes de febreiro de 2021, por un importe total de 11.450€.	
1703	28/09/2021	Aprobación das asignacións que corresponden aos concelleiros/as da Corporación pola súa asistencia a sesións de Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas e Xuntas de Voceiros durante o mes de xuño de 2021, por un importe total de 9.450€.	
1704	28/09/2021	Aprobación das asignacións que corresponden aos concelleiros/as da Corporación pola súa asistencia a sesións de Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas e Xuntas de Voceiros durante o mes de xullo de 2021, por un importe total de 8.650€.	
1705	28/09/2021	Aprobación das asignacións que corresponden aos concelleiros/as da Corporación pola súa asistencia a sesións de Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas e Xuntas de Voceiros durante o mes de agosto de 2021, por un importe total de 5.100€.	
1706	28/09/2021	Aprobación da indemnización por desempeño accidental do posto de secretaria do Concello durante o período do 8 ao 31 de xullo de 2021 (17 días hábiles) a favor de F.J.V.T.	
1707	28/09/2021	Concesión a R.C.R. do servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de cinco horas á semana, denegación a M.L.G. do servizo municipal de axuda no fogar e concesión a R.C.R. e M.L.G. do Xantar na Casa para os sete días da semana.	
1708	28/09/2021	Concesión a M.T.L. do servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de dez horas á semana e denegación a A.V.I. do servizo municipal de axuda a domicilio.	
1709	28/09/2021	Concesión a E.C.G. e J.S.C. do Xantar na Casa para os sete días da semana e do Servizo de Telesistencia domiciliaria.	
1710	28/09/2021	Concesión a S.V.F. do servizo municipal de telesistencia domiciliaria.	

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO: 28-10-2021
1711	28/09/2021	Aceptación do desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar e Xantar na casa formulado por J.C.P.T.	
1712	28/09/2021	Acceso ao solicitado por I.G.G., como voceira do Grupo Municipal Popular, e acceso telemático aos expedientes de contratación UCP/2020/217, UCP/2020/216, UCP/2020/215, UCP/2019/248, UCP/2020/121 e UCP/2019/44.	
1713	28/09/2021	Concesión a M.E.L.M. do servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de cinco horas á semana, do Xantar na Casa para os sete días da semana e do Servizo de Teleasistencia domiciliaria.	
1714	29/09/2021	Establecemento dunha reserva de praza de aparcadoiro para persoas con mobilidade reducida na R/Condes de Andrade, á altura do núm. 1, parroquia de Rutis.	
1715	29/09/2021	Autorización a E.B.V. da redución da súa xornada de traballo nun terzo da mesma, coa diminución das retribucións que corresponda, con efectos desde o 1 de outubro de 2021.	
1716	29/09/2021	Nomeamento instrutora procedemento relativo á reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por J.L.V.R. en representación de J.L.V.P. á xefe de Asesoría Xurídica M.N.F.B.	
1717	29/09/2021	Nomeamento instrutora procedemento relativo á reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por N.S.E.S. á xefe de Asesoría Xurídica M.N.F.B.	
1718	29/09/2021	Concesión a J.L.V.R. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade con carácter provisional ata o 30/08/2023.	
1719	29/09/2021	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m ³ a M.G.V.R. con efectos de 01-10-2021.	
1720	29/09/2021	Recoñecemento de obriga e ordenación do pago da factura (Operación 220210010483). Importe total: 2.334,09€.	
1721	29/09/2021	Corrección erro detectado resolución 1685/2021 relativa á aprobación do padrón/matriculación do Prezo público polas actividades socioeducativas do Centro Ocupacional Municipal A Escada dos meses de maio e xuño de 2021.	
1722	29/09/2021	Acceso telemático a D ^a . Izaskun García Gorostizu ás resolucións da alcaldía 1212, 1213, 1226, 1269 e 1273.	
1723	29/09/2021	Concesión a E.C.G. do servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de sete horas á semana das cales poderá beneficiarse de dúas horas á semana o seu cónxuxe J.S.C.	

Código do documento	Código do expediente
USG15I03LZ	USG/2021/184
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 0Y54 2S23 423J 6J1S 1C6F	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO: 28-10-2021
1724	30/09/2021	Nomeamento instrutora procedemento relativo á reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por F.G.P. á xefe de Asesoría Xurídica M.N.F.B.	
1725	30/09/2021	Persoamento en nome do Concello de Culleredo como demandado ante o Xulgado do Contencioso Administrativo número 4 da Coruña, Procedemento Abreviado 204/2021.	
1726	30/09/2021	Recoñecemento da obriga e orde de pago da factura Operación 220210010498 por importe de 605€.	
1727	30/09/2021	Recoñecemento da obriga e orde de pago da factura Operación 220210010499 por importe de 740,52€.	
1728	30/09/2021	Denegación E.G.G. acumulación da súa xornada reducida en dúas tardes (luns e martes de 15:15 a 21:00), debendo comunicar ao Servizo de persoal e organización a concreción horaria dentro da súa xornada de traballo diaria ordinaria, non acumulada en días.	
1729	30/09/2021	Aprobación liquidacións contidas padróns presentados Gestagua, SA relativos taxa distribución auga, IVE taxa distribución auga, taxa depuración augas residuais (IVE engadido) e canón auga 3º trimestre 2021 e autorización cobro correspondentes recibos.	
1730	30/09/2021	Complementación resolución da concelleira delegada de urbanismo de data 27.09.2021 (código documento UAU15I035E)	
1731	30/09/2021	Denegación a S.P.V. da acumulación da súa xornada reducida, polo que deberá de comunicar ao Servizo de persoal e organización a concreción horaria dentro da súa xornada de traballo diaria ordinaria, non acumulada en días.	
1732	30/09/2021	Nomeamento instrutora procedemento relativo á reclamación por prexuízo económico formulada por Z.M.G. en representación de J.A.A.S. á xefe de Asesoría Xurídica M.N.F.B.	
1733	30/09/2021	Nomeamento instrutora procedemento relativo á reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por A.A.H.R. en representación de AXA SEGUROS GENERALES SA á xefe de Asesoría Xurídica M.N.F.B.	
1734	30/09/2021	Concesión a D.L.V. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade con carácter PROVISIONAL ata o 27/11/2023.	
1735	30/09/2021	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 04-10-2021.	

Código do documento	Código do expediente
USG15I03LZ	USG/2021/184
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 0Y54 2S23 423J 6J1S 1C6F	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO: 28-10-2021
1736	30/09/2021	Modificación resolución 1675/2021 de data 22/09/2021, no senso de non considerar como interesada no procedemento á compañía de seguros WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS SA (Procedemento Abreviado 181/2021).	
1737	01/10/2021	Concesión a L.P.M. e M.O.V. da licenza municipal de obras para demolición de vivenda e anexos existentes e construción vivenda unifamiliar na parcela Ref. Catastral 7591120NH4879S0001LH, situada no lugar de Peiro de Arriba, parroquia de Celas.	
1738	01/10/2021	Aprobación do proxecto técnico para a obra de "Renovación da rúa Laxe (VP-23 e VP-29)", co seu correspondente presuposto que ascende á cantidade de 241.451,56€, IVE engadido.	
1739	01/10/2021	Acceso telemático ao Sr. Chouciño Garrido ao expediente do Morriña Festival.	
1740	01/10/2021	Acceso telemático ao Sr. Chouciño Garrido aos expedientes informativo e disciplinario abertos ao ex xefe de Sección de Obras Públicas e Servizos.	
1741	01/10/2021	Levantamento reparo suspensivo formulado Intervención xeral e avocación competencia para adxudicación contrato "Transporte diario en autobús de luns a venres para persoas con diversidade funcional e intelectual usuarias do Centro Ocupacional "A Escada"".	
